PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 20/11/2018

3. Mocións. 3
3.1 10/MOC-000112 (0040031) 3
(0040031) Entrada da iniciativa 4
(0040509) Emendas dos grupos parlamentarios 7
(0040483) Emendas dos grupos parlamentarios 9
4. Proposicións non de lei ante o pleno. 11
4.1 10/PNP-001703 (0023492) 11
(0023492) Entrada da iniciativa 12
(0040517) Emendas dos Grupos Parlamentarios 15
(0040506) Emendas dos Grupos Parlamentarios 16
4.2 10/PNP-002188 (0029816) 18
(0029816) Entrada da iniciativa 19
(0040497) Emendas dos Grupos Parlamentarios 23
(0040513) Emendas dos Grupos Parlamentarios 25
(0040515) Emendas dos Grupos Parlamentarios 27
4.3 10/PNP-002210 (0030032) 28
(0030032) Entrada da iniciativa 29
(0040496) Emendas dos Grupos Parlamentarios 33
(0040510) Emendas dos Grupos Parlamentarios 34
4.4 10/PNP-002513 (0033233) 36
(0033233) Entrada da iniciativa 37
(0040516) Emendas dos Grupos Parlamentarios 40
4.7 10/PNP-002940 (0039495) 42
(0039495) Entrada da iniciativa 43
(0040482) Emendas dos Grupos Parlamentarios 49
4.8 10/PNP-002961 (0039685) 50
(0039685) Entrada da iniciativa 51
(0040500) Emendas dos Grupos Parlamentarios 56
(0040518) Emendas dos Grupos Parlamentarios 57

PARLAMENTO
DE GALICIA

3. MOCIÓNS.

3.1 10/MOC-000112 (0040031)

Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda. (Moción, a consecuencia da interpelación nº 35115, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018)

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0040031) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 13:51
Nº Rexistro: 40031
Data envio: 09/11/2018 13:51:31.039

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 35115 (10/INT-001170)** debatida na sesión plenaria do 7 de novembro, sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida.

MOCIÓN:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que:

- Incremente substancialmente o parque público de vivenda en aluguer, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de promoción pública en alugueiro, incluíndo a rehabilitación das vivendas do IGVS que se atopen en mal estado e o desenvolvemento das posibilidades de incorporar ao patrimonio público de edificios e vivendas xa construídas de titularidade privada.

- Estableza un sistema de adxudicación de vivenda de promoción pública máis áxil e xusto, axustando a criterios obxectivos de necesidade e modificando con eses obxectivos os Decretos 253/2007 de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o decreto 1/2010, polo que se regula o Rexistro único de demandantes de vivenda de Galiza.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 13:51
Nº Rexistro: 40031
Data envio: 09/11/2018 13:51:31.039

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Modifique a Lei 2/2016 do solo de Galiza co obxectivo de fixar no 30% a porcentaxe mínima de reserva de solo para vivenda con algún tipo de réxime de protección pública, eliminando as excepcións contempladas no artigo 42.9.

- Demande do Goberno do Estado a cesión das vivendas propiedade da SAREB en Galiza , nas zonas onde sexan necesarias para atender as necesidades de vivenda, para que se incorporen a dito Parque público de aluguer, que será xestionado polo IGVS e, no seu caso, polos concellos respectivos mediante o oportuno convenio.

- Incremente os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda ata o 0,5% do PIB galego, e a mellorar os niveis de execución orzamentarios das partidas correspondentes á función de Vivenda.

- Estenda o censo de Vivendas Baleiras a todos os concellos, con independencia da súa poboación. Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.

- Esixa ao Goberno español a aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o art. 72 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada, que permita a imposición efectiva de recargos no IBI naqueles concellos que así o acorden.

- Demande do Goberno español a modificación da Lei de Arrendamentos Urbanos que mellore a estabilidade dos contratos, limite o incremento dos prezos entre contrato e contrato, e limite as fianzas.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 13:51
Nº Rexistro: 40031
Data envio: 09/11/2018 13:51:31.039

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Desenvolva un novo programa para prevención dos desafiuzamentos que sexa eficaz, que incremente a coordinación e conexión co sector do traballo social e, en última instancia que garanta o realoxo.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/11/2018 13:50:28

PARLAMENTO DE GALICIA

(0040509) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:02
Nº Rexistro: 40509
Data envio: 19/11/2018 18:02:22.347

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **40031 [10/MOC-000112]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda. (Moción, a consecuencia da interpelación nº 35115, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 20 de novembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir ao final da moción dous puntos, co seguinte texto:

"- Demandar do goberno do Estado a revisión e reformulación do Plan Estatal de Vivenda co obxecto de combater a burbulla do alugueiro e asemade reclamar a aprobación dunha nova Lei de vivenda que estableza a dación en pagamento retroactiva, a regulamentación e promoción do alugueiro a prezos estábeis e accesíbeis, o fomento da vivenda social e a garantía de subministracións básicas impedindo cortes de luz, auga e gas a familias sen recursos.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:02
Nº Rexistro: 40509
Data envío: 19/11/2018 18:02:22.347

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Establecer unha moratoria nos desafiuzamentos e o cumprimento das recomendacións do Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU para evitar desafiuzamentos sen alternativa a persoas e familias vulnerábeis."

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2018 13:56:32

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2018 13:56:38

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0040483) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40483
Data envio: 19/11/2018 16:06:08.326

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda (10/MOC-000112, doc. núm. 40031)

Emenda de modificación do terceiro parágrafo.

Débese modificar o terceiro punto da moción que quedará redactado co seguinte contido:

"- Modifique a Lei 2/2016 do solo de Galicia co obxectivo de fixar no 30 % a porcentaxe mínima de reserva de solo para vivenda con algún tipo de Réxime de protección pública, contemplando a revisión das excepcións contempladas no artigo 42.9"

Emenda de modificación do cuarto parágrafo.

Débese modificar na primeira liña do cuarto parágrafo da moción o seguinte contido:

Onde di: "...do Goberno do Estado a cesión das vivendas...", debe dicir: "...do Goberno do Estado a negociación de cesión das vivendas..."

Emenda de modificación do sexto parágrafo.

Débese modificar o sexto parágrafo da moción que quedará redactado co seguinte contido:

"- Fomentar o programa de vivendas baleiras a un maior número de concellos con independencia da súa poboación e mellorando á vez as medidas de incentivo ás persoas propietarias para a posta a disposición das súas vivendas. Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo."

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40483
Data envío: 19/11/2018 16:06:08.326

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Emenda de modificación do sétimo parágrafo.

Débese modificar o sétimo parágrafo da moción que quedará redactado co seguinte contido:

"- Solicite ao Goberno español a aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o artigo 72 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada, que permita a imposición efectiva de recargos no IBI ou taxas transitorias sobre as vivendas desocupadas das entidades financeiras e froito dos desafiuzamentos, así como dos grandes propietarios e propietarias naqueles concellos que así o acorden."

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 19/11/2018 14:34:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2018 14:34:30

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

4.1 10/PNP-001703 (0023492)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de sesenta e cinco anos

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0023492) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 16:51
Nº Rexistro: 23492
Data envío: 17/01/2018 16:51:00.474

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

As mulleres de idade avanzada, a miúdo con escasos recursos económicos e dependentes economicamente das súas parellas, atópanse especialmente expostas ao risco de violencia, exercida baixo formas complexas e sutís que levan a invisibilizar o problema. O progresivo envellecemento da poboación e a súa repercusión nas situacións de dependencia funcional e emocional favorecen que as persoas maiores sexan un dos grupos sociais máis susceptibles de sufrir situacións de abuso, malos tratos e/ou violencia. Se as persoas maiores son un colectivo de seu case inexistente no debate mediático, os abundantes casos de violencia machista a partires dos 65 anos quedan socialmente silenciados ante a escaseza de denuncias e moi especialmente de acompañamento, o que fai aínda máis difícil a situación de moitas mulleres que levan décadas sufrindo en silencio.

Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial das 54.209 denuncias interpostas por malos tratos, só 1.042 (1,9 %) corresponden a mulleres maiores de 65 anos. Pero isto non se debe confundir cunha menor incidencia. A denuncia non é fácil, dependen economicamente do agresor, adoitan estar illadas e con falta de apoio da súa contorna. Ademais, a súa idade dificúltalles o refacer as súas vidas libres de violencia.

Os datos marcan que case un 14 % das mulleres asasinadas teñen máis de 65 anos; números que marcan unicamente a punta dun iceberg, que na maioría dos casos son ocultados polas propias vítimas. Dende todos os organismos públicos, debemos chegar máis e mellor a estas mulleres

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 16:51
Nº Rexistro: 23492
Data envío: 17/01/2018 16:51:00.474

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

de maior idade que sofren esta violencia silenciada, en illamento e falta de apoios.

Existen numerosas iniciativas que xa se están impulsando no noso país e máis aló das nosas fronteiras como o programa "STOP VI.E.W (Violence Against Elderly Women). Nesta liña, dende o Grupo Socialista consideramos necesario impulsar programas específicos onde estas mulleres poidan identificar o problema de violencia de xénero que sofren elas ou outras mulleres da súa contorna e apoialas, coñecendo os recursos que están á súa disposición.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar un programa de formación, dotado orzamentariamente, para a detección temperá de violencia machista para os e as auxiliares de axuda a domicilio, de Teleasistencia, así como a outros colectivos profesionais cuxa actividade se desenrole no ámbito dos coidados ás persoas maiores.
2. Desenvolver un programa de formación, dotado orzamentariamente, para a detección temperá de violencia machista para todos os e as profesionais da rede de residencias públicas de maiores de Galicia.
3. Elaborar un programa específico nos centros de maiores e centros de día de Galicia para a detección e intervención ante a violencia machista.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 16:51
Nº Rexistro: 23492
Data envío: 17/01/2018 16:51:00.474

Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 17/01/2018 16:47:56

María Luisa Pierres López na data 17/01/2018 16:48:01

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2018 16:48:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2018 16:48:10

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0040517) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:22
Nº Rexistro: 40517
Data envio: 19/11/2018 18:22:29.227

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Marian García Miguez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno, do Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia **23492 (10/PNP-001703)** Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de sesenta e cinco anos.

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación**:**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta a desenvolver no eido do persoal dos servizos sociais a aplicación do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ".

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/11/2018 18:16:55

María Ángeles Garcia Míguez na data 19/11/2018 18:17:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0040506) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:49
Nº Rexistro: 40506
Data envio: 19/11/2018 17:49:40.728

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** doc. núm. 23492, sobre as actuación que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de sesenta e cinco anos, incluída na orde do día da sesión plenaria do 20 de novembro de 2018.

Emenda de Adición

Débense engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:

4.- Desenvolver un programa de formación, dotado orzamentariamente, para a detección temperá de violencia machista para todos e todas as profesionais da rede de centros sanitarios. A formación terá en conta as especificidades da violencia machista que sofren as mulleres maiores.

5.- Incluír na próxima macroenquisa que se realice sobre violencia de xénero preguntas que permitan identificar as especificidades da violencia machista que sofren as mulleres maiores.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:49
Nº Rexistro: 40506
Data envío: 19/11/2018 17:49:40.728

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 19/11/2018 17:48:23

Luis Villares Naveira na data 19/11/2018 17:48:33

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.2 10/PNP-002188 (0029816)

Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez
Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda

Sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a exixencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0029816) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 13:59
Nº Rexistro: 29816
Data envio: 20/04/2018 13:59:49.962

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** sobre a non discriminación de nenos e nenas mediante o uniforme escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A "Resolución do Parlamento Europeo do 12 de marzo de 2013 sobre a eliminación dos estereotipos de xénero na UE" desagrega numerosas consideracións, peticións e recomendacións en materia de lexislación e para a adopción de medidas específicas en diferentes ámbitos: político, económico, laboral, cultural e social, facendo especial fincapé na esfera educativa e na infancia, ao entender que "os nenos se enfrontan a estereotipos de xénero a idades moi temperás" que "inflúen na súa percepción de como deben comportarse homes e mulleres e que teñen repercusións durante toda a súa vida e sobre as súas aspiracións futuras". Así, na devandita resolución insístese "na importancia de promover a igualdade entre mulleres e homes desde unha idade temperá para loitar de maneira eficaz contra os estereotipos" e considera "que deben eliminarse todas as formas directas e indirectas de discriminación por motivos de xénero a fin de garantir o dereito das mulleres á igualdade de trato".

Os uniformes escolares diferenciados por sexo están a ser obxecto de crítica crecente en diversos estados europeos por considerarse determinantes para manter os estereotipos de xénero na escola. Existe un claro vínculo entre a saia ou o vestido e o estereotipo dunha feminidade tradicional na que resultaría impropia a vestimenta catalogada de "masculina", como son os pantalóns. Desta

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 13:59
Nº Rexistro: 29816
Data envio: 20/04/2018 13:59:49.962

forma, a segregación de roles sexuais que comeza co uniforme escolar e coa imposibilidade de que as alumnas poidan escoller e acudir con pantalón á inmensa maioría estes centros educativos durante toda a súa escolarización, desde os 3 ata os 16 ou mesmo os 18 anos.

De feito, no inicio do pasado curso, numerosas institucións escolares públicas do Reino Unido eliminaron a referencia sexuada nos códigos de vestimenta, de forma que se dá liberdade a cada nena e neno á hora de escoller como queren vestirse para acudir ás aulas.

Precisamente a Sentenza do Tribunal Supremo do 19 de abril de 2011 considerou contraria ao principio de non discriminación por razón de sexo, que se contén no artigo 14 da Constitución Española, a práctica habitual na sanidade privada pola cal as auxiliares e enfermeiras se vían obrigadas a vestir un uniforme consistente en cofia, mandil con peto saia e medias, sen posibilidade de elixir a vestimenta sanitaria de pantalón e camisa que empregan os seus equivalentes homes e que si é de uso común na sanidade pública.

A teor desta sentenza, o feito de que a case totalidade dos centros educativos que deciden que o alumnado leve uniforme escolar manteña de forma obrigatoria un código de vestimenta diferenciado por sexo entre alumnas e alumnos podería incorrer en vulneración das garantías constitucionais, ademais de fomentar uns estereotipos de xénero contrarios á igualdade efectiva entre mulleres e homes, tal e como detalla a Resolución do Parlamento Europeo xa citada.

Pero ademais da Constitución Española, a propia lexislación estatal educativa e en materia de igualdade, así como o propio Estatuto Autonomía de Galicia poñen de manifesto diversas premisas legais que deben asegurar a igualdade de trato e non discriminación entre alumnos e alumnas no ámbito educativo. Así, a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación inclúe entre os seus principios e fins o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 13:59
Nº Rexistro: 29816
Data envio: 20/04/2018 13:59:49.962

homes e mulleres, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na non discriminación e igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, contemplando así mesmo entre as funcións da inspección educativa o de velar polo cumprimento e aplicación dos principios e valores destinados a fomentar a igualdade real entre homes e mulleres. Pola súa banda, a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, nos seus artigos 23 e 24 indícase respectivamente que "o sistema educativo incluirá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros" e que "as Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes."

Finalmente, o Estatuto de Autonomía de Galicia inclúe que corresponde aos poderes públicos de Galicia "promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación do tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social".

No mesmo senso, na lei de igualdade de Galicia, no seu artigo 18 de erradicación de prexuízos nos centros docentes establécese, "non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida".

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 13:59
Nº Rexistro: 29816
Data envio: 20/04/2018 13:59:49.962

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a implantar e aplicar todas as medidas normativas e regulamentarias pertinentes para que, a partir do seguinte curso escolar 18-19, todos aqueles centros educativos que decidan que o alumnado leve uniforme escolar, non obriguen a un código de vestimenta diferenciado por sexo entre alumnas e alumnos, contemplando en todo caso a opción de que as alumnas poidan elixir acudir ao centro educativo con pantalón.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,
Ánxeles Cuña Bóveda,
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 20/04/2018 13:54:51

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/04/2018 13:54:58

Luis Villares Naveira na data 20/04/2018 13:55:09

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0040497) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:18
Nº Rexistro: 40497
Data envio: 19/11/2018 17:18:07.895

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** por iniciativa da deputada **Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, doc. núm. 29816, sobre a non discriminación de nenos e nenas mediante o uniforme escolar, incluída na orde do día da sesión plenaria do 20 de novembro de 2018. (10/PNP-002188).

Emenda de Modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a implantar e aplicar todas as medidas normativas e regulamentarias pertinentes para que, a partir do seguinte curso escolar 19-20, todos aqueles centros educativos que decidan que o alumnado leve uniforme escolar, non obriguen a un código de vestimenta diferenciado por sexo entre alumnas e alumnos, contemplando en todo caso a opción de que as alumnas poidan elixir acudir ao centro educativo con pantalón."

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:18
Nº Rexistro: 40497
Data envio: 19/11/2018 17:18:07.895

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 19/11/2018 17:16:18

Luis Villares Naveira na data 19/11/2018 17:16:26

PARLAMENTO DE GALICIA

(0040513) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:16
Nº Rexistro: 40513
Data envio: 19/11/2018 18:16:28.884

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **29816 [10/PNC-002188]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a exixencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 20 de novembro de 2018.

Emenda de supresión

Suprimir na parte resolutiva o seguinte: "18-19".

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2018 18:16:08

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:16
Nº Rexistro: 40513
Data envio: 19/11/2018 18:16:28.884

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2018 18:16:13

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0040515) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:22
Nº Rexistro: 40515
Data envio: 19/11/2018 18:22:00.141

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **César Fernández Gil,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno, do Grupo Parlamentario de En Marea **29816 (10/PNP-002188**) Sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a exixencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo.

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación**:**

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno de Galicia:

1.- A lembrar aos centros educativos a importancia de incluír normas sobre a vestimenta nas aulas, que deben aprobar os consellos escolares, co fin de regular que o seu uso polo alumnado non atente contra a súa dignidade, non supoña una discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde e integridade persoal e a dos demais membros da comunidade educativa, ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes.

2.- A trasladar ao Goberno central a necesidade de afrontar unha regulación en materia de vestimenta nos centros educativos, coa implicación dos consellos escolares, coa que se garanta a non discriminación por razón de sexo, tal e como acordou a Comisión de Igualdade do Congreso en setembro de 2017".

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/11/2018 18:20:52

César Manuel Fernández Gil na data 19/11/2018 18:21:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.3 10/PNP-002210 (0030032)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso

Sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0030032) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30032
Data envio: 25/04/2018 19:08:08.776

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, María Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Miguel Tellado Filgueira** e **Diego Calvo Pouso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Nos últimos anos desde o Goberno galego vense apostando con forza por iniciativas encamiñadas a facilitar e facer máis doados e económicos os desprazamentos cotiás dos galegos.

Destaca a posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, un plan social que actualmente está en funcionamento nas áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo e do que xa forman parte 65 concellos que aglutinan máis da metade da poboación de Galicia. E un plan que a Xunta traballa por expandir a aquelas áreas nas que aínda non está implantado, como é o caso de Pontevedra e de Ourense.

Hai unhas semanas o Consello da Xunta autorizaba as prórrogas do Plan de Transporte Metropolitano para o vindeiro ano, 2019, garantindo así a continuidade deste plan social que lle permite aos usuarios descontos no billete de ata o 70%.

Un plan co que a Xunta paga o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e tamén financia os transbordos co autobús urbano, que son gratuítos para os usuarios; e no que os concellos achegan o 20% restante da bonificación nas

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30032
Data envio: 25/04/2018 19:08:08.776

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

viaxes interurbanas. Este plan suponlle aos usuarios frecuentes uns aforros medios de 600 euros ao ano.

Ademais, en agosto de 2016, o Goberno galego lanzaba unha nova medida no marco do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, neste caso, dirixida aos máis novos das familias: a Tarxeta Xente Nova que, na práctica supón a implantación da gratuidade do transporte metropolitano interurbano para os menores de 19 anos.

Estamos a falar, polo tanto, de importantes aforros para os usuarios. Como se ten dito, aforros medios de 600 euros ao ano para os usuarios frecuentes, que mesmo poden chegar aos 900 euros en caso de que tamén empreguen o bus urbano.

Nesta liña, cómpre lembrar que dos concellos que teñen a obriga de prestar o servizo de transporte urbano, a data de hoxe, hai dous que non cumpren con este requisito: o Concello de Ferrol, adherido ao Plan de Transporte Metropolitano, que non conta con transporte urbano, polo que este servizo se está a prestar na actualidade con liñas interurbanas de titularidade da Xunta; e o Concello de Pontevedra, que tampouco ten servizo de transporte urbano.

Na súa aposta por favorecer os desprazamentos habituais dos cidadáns e promover o uso do transporte público, sabemos tamén que a Xunta xa está a traballar na 2ª fase do Plan de transporte público de Galicia de cara a 2019, data de caducidade das actuais concesións de transporte por estrada.

Por iso consideramos que este é o momento máis acaído para que aqueles concellos que teñen a obriga de dispoñer de transporte urbano implanten este servizo nos seus

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30032
Data envio: 25/04/2018 19:08:08.776

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

concellos. Sería importante para ofrecer mellores solucións aos cidadáns e favorecer os seus desprazamentos cara aos principais servizos e centros de equipamento, principalmente cara aos centros sanitarios e hospitalarios. E sería importante tamén ter as previsións sobre o desenvolvemento destes servizos por parte dos concellos de cara a esa reordenación e planificación do mapa de transportes que está a desenvolver o Goberno galego.

E por isto, que o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a requirir daqueles concellos que teñen o deber de dispoñer de servizo de transporte urbano e que non o teñen aínda implantado -isto é os Concellos de Ferrol e de Pontevedra- que realicen cantos trámites sexan necesarios para a posta en marcha, á maior brevidade posible, do transporte urbano ao que están obrigados, ao obxecto de ofrecer máis e mellores servizos aos cidadáns, nomeadamente cara aos centros hospitalarios, e lograr así unha maior coordinación coa planificación do transporte que está a levar a cabo a Xunta".

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/04/2018 19:02:28

Martín Fernández Prado na data 25/04/2018 19:02:37

Jaime Castiñeira Broz na data 25/04/2018 19:02:48

Jacobo Moreira Ferro na data 25/04/2018 19:02:54

Marta Novoa Iglesias na data 25/04/2018 19:03:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 30032
Data envio: 25/04/2018 19:08:08.776

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

María Julia Rodriguez Barreira na data 25/04/2018 19:03:15

Gonzalo Trenor López na data 25/04/2018 19:03:23

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/04/2018 19:03:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/04/2018 19:03:41

Diego Calvo Pouso na data 25/04/2018 19:03:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0040496) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:09
Nº Rexistro: 40496
Data envio: 19/11/2018 17:09:53.419

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano (doc. núm. 30032).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver a coordinación necesaria con ambos concellos coa finalidade de que, considerando a área metropolitana de ambas as dúas cidades, o servizo de transporte urbano e o metropolitano se configuren conxuntamente como un servizo eficiente para a cidadanía.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2018 14:06:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2018 14:06:12

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0040510) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:02
Nº Rexistro: 40510
Data envio: 19/11/2018 18:02:31.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **30032 [10/PNC-002210]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 20 de novembro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a crear senllas comisións técnicas bilaterais cos concellos de Pontevedra e Ferrol para elaborar un estudo de propostas que poida ser avaliado e posto en marcha polas administracións con competencias e por unha Mesa polo transporte público na que participen as empresas operadoras, as entidades veciñais, as organización sindicais, os concellos e outros axentes para garantir a máxima interlocución."

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:02
Nº Rexistro: 40510
Data envío: 19/11/2018 18:02:31.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2018 14:00:51

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2018 14:00:56

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.4 10/PNP-002513 (0033233)

Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira
Grupo Parlamentario de En Marea - Francisco Casal Vidal
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Vázquez Verao
Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0033233) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:17
Nº Rexistro: 33233
Data envio: 06/07/2018 13:17:36.828

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de EN MAREA**, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira** e **Francisco Casal Vidal** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao e Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Unha das principais angustias das mulleres nos procedementos instados por violencia de xénero é non cruzarse cos seus agresores, especialmente nos corredores dos xulgados nos actos da vistas, no mesmo acto de declarar para non ser intimidadas visualmente.

As/ os menores vítimas e testemuñas do proceso de violencia tamén son obxecto dos ataques en moitas ocasións.

Os xulgados de violencia convertéronse no foco de incidentes entre as partes, onde os agresores e os seus familiares e amigos exercen ou tratan de exercer máis violencia contra as denunciantes, o cal obriga a reforzar a vixilancia policial.

Esta medida de reforzamento policial non impide a intimidación e a inquedanza das mulleres dos menores nos momentos das vistas, e o temor de atoparse. Fan falta instalacións que permitan o acceso de xeito gradual, dependencias nas que agardar cuns servizos mínimos, e que impidan que denunciantes e denunciados se crucen, así como salas específicas para as testemuñas. Instalacións actualmente existentes, como a dos Xulgados de Vigo, están expostas a estas situacións, que non poden agardar pola apertura de novos edificios xudiciais, pois

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:17
Nº Rexistro: 33233
Data envio: 06/07/2018 13:17:36.828

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

entre tanto as mulleres vítimas destas violencias sofren día a día este sufrimento adicional, e para elas a reforma chegará tarde. Precisan unha actuación urxente.

É necesario reformar o deseño das instalacións xudiciais para habilitar salas específicas para os denunciados.

Por todo o exposto, este Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1.- Reformar as instalacións xudiciais existentes no noso País, para que estas conten con dependencias separadas para que denunciantes e menores, denunciados e familiares non se crucen.

2.- Facilitar a comparecencia por videoconferencia desde salas anexas no caso das denunciantes.

3.- Habilitar dependencias de agarda para menores nas instalacións, apropiadas á súa propia condición de menores.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputados, deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/07/2018 13:14:53

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:17
Nº Rexistro: 33233
Data envio: 06/07/2018 13:17:36.828

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Francisco Casal Vidal na data 06/07/2018 13:15:01

Paula Vázquez Verao na data 06/07/2018 13:15:07

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2018 13:15:11

PARLAMENTO DE GALICIA

(0040516) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:22
Nº Rexistro: 40516
Data envio: 19/11/2018 18:22:15.079

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Julia Rodríguez Barreira**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno, do Grupo Parlamentario de En Marea **33233 (10/PNP-002513)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais.

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que se sigan levando a cabo, segundo a capacidade actual das infraestruturas en uso, aquelas reformas necesarias nas dependencias xudiciais galegas para evitar o cruce entre vítimas e agresores.

2. Que se contemplen actuacións de modernización e evolución das tecnoloxías configurando a videoconferencia como un servizo básico nos termos previstos nas leis.

3. Que se habiliten, no marco da capacidade real en cada edificio xudicial, espazos axeitados nas dependencias xudiciais para os menores que teñen que acudir a procedementos xudiciais".

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/11/2018 18:18:45

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:22
Nº Rexistro: 40516
Data envío: 19/11/2018 18:22:15.079

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

María Julia Rodriguez Barreira na data 19/11/2018 18:19:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

4.7 10/PNP-002940 (0039495)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0039495) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39495
Data envío: 31/10/2018 11:08:32.668

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Celta de Vigo, por medio do seu presidente, anunciou o pasado ano 2017 o Proxecto para a construción dunha cidade deportiva e dun macrocentro comercial en Mos, nas parroquias de Pereiras e Tameiga. Trátase dunha actuación que prevé un ámbito de actuación de 864.000 metros cadrados situados en terreos cualificados como solo rústico protexido, polo que o Concello de Mos iniciou a tramitación dunha modificación puntual do PXOM para cambiar a súa cualificación a usos terciarios e dotacionais.

Todo o proceso de anuncio e tramitación deste Proxecto cheira a cacicada e cambalache, xa que primeiro faise o anuncio público, nun acto no que estaban o presidente da Xunta e a Alcaldesa de Mos, asínase un convenio entre o Celta e o Concello, e logo fórzanse os cambios legais necesarios e os informes favorábeis para facelo realidade.

A este respecto cómpre ter en conta que a modificación precisa de Avaliación Ambiental Estratéxica e diversos informes sectoriais favorábeis: ambiental, sanidade, medio rural, patrimonio… Do que se coñece ate o momento parece deducirse que hai

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39495
Data envio: 31/10/2018 11:08:32.668

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha intención previa de que estes informes sexan positivos, isto é ao menos o que se deriva do apoio ao Proxecto por parte da alcaldesa de Mos e do presidente da Xunta.

Cómpre ter en conta que aproximadamente a metade espazo corresponde a terreos de protección forestal (monte comunal de Tameiga e Pereiras), polo que se pretende impoñer unha modificación do uso para destinalos a usos comerciais lucrativos, declarando a actuación de utilidade pública para que a administración poida realizar as expropiacións e logo "vendelos" a unha empresa privada.

Por se isto non abondase e para mellor garantir a cacicada, o goberno galego ven de introducir na lei de acompañamento unha modificación da lei do solo mediante un novo artigo, 117 bis, que está pensado para facilitar o proxecto promovido polo Celta en Mos, como se pode ver no seguinte parágrafo: *poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas, para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto prezo, e executen as obras de urbanización.*

Velaquí o texto completo do artigo:

"Artigo 117 bis. Modalidades de execución das actuacións no sistema de expropiación

1. A administración expropiante poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións no sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación de réxime xurídico, de contratación das Administracións Públicas, de réxime local e de ordenación territorial e urbanística.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39495
Data envio: 31/10/2018 11:08:32.668

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Será aplicable a lexislación de contratos do sector público cando a modalidade de xestión do sistema de expropiación elixida supoña a adxudicación de contratos de obras ou de concesión regulados na indicada lexislación.

3. Así mesmo, de acordo cos principios de transparencia, publicidade e concorrencia, poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas, para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto prezo, e executen as obras de urbanización.

Nos concursos públicos que a tal efecto se convoquen poderán presentar ofertas calesquera persoas físicas ou xurídicas, interesadas en asumir a xestión da actuación, incluídos os propietarios que formen parte do correspondente ámbito. A tales efectos, estes deberán ben constituír unha entidade urbanística de xestión, que terá natureza administrativa e duración limitada á da actuación, ou ben constituír unha sociedade mercantil ao efecto.

Os concursos públicos poderán ser convocados unha vez que se aprobe definitivamente o planeamento que conteña a ordenación detallada. A convocatoria deberá publicarse como mínimo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.

As bases do concurso determinarán os criterios aplicables para a súa adxudicación, debendo terse en conta, en particular, aqueles que produzan un maior beneficio para a colectividade no seu conxunto e favorezan a atracción do investimento e creación de emprego.

As bases do concurso público fixarán os dereitos e as obrigas do beneficiario da expropiación, que actuará ao seu risco e ventura, e que comprenderán en todo caso os

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39495
Data envio: 31/10/2018 11:08:32.668

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deberes de executar a urbanización e efectuar as cesións obrigatorias establecidas nesta lei."

2. Por outra parte, o Proxecto vai ter un forte impacto negativo no monte, nas augas e na contorna tanto pola construción dos equipamentos deportivos e comerciais como pola construción dos accesos desde a autovía A55.

Ademais, o Proxecto de macrocentro comercial vai ter un impacto moi negativo no tecido comercial tradicional de Mos e da contorna: este macrocentro non está xustificado desde o punto de vista socioeconómico nin ten ningunha utilidade pública, só ten interese e utilidade como negocio privado e como fonte de financiamento da cidade deportiva. Ou dito doutro xeito, a cidade deportiva é unha escusa para instalar en terreos de protección forestal unha grande superficie comercial da que van ser beneficiarios os grandes grupos internacionais que se dedican a este tipo de negocios especulativos. A Xunta e o Concello están apoiando e facilitando un enorme pelotazo urbanístico, poñendo os intereses de grandes especulares por riba do interese público, do interese do comercio local, da veciñanza da contorna e dos usos tradicionais ambientais, sociais e produtivos do monte.

Ademais, o Proxecto conta con un forte rexeitamento por parte da veciñanza, tanto no caso da comunidade de montes de Tameiga como das comunidades de augas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Rexeitar a aprobación da modificación do Plan Xeral de Ordenación de Mos para evitar a desfeita social, ambiental e económica que provocaría o Proxecto de

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39495
Data envio: 31/10/2018 11:08:32.668

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

macrocentro comercial promovido polo Celta de Vigo nas parroquias de Tameiga e Pereiras e porque non está xustificada a declaración de interese público.

2. Retirar a proposta de modificación da Lei do solo (artigo 117 bis) incluída na Lei de acompañamento dos orzamentos de 2019.

3. Declarar unha moratoria na autorización de macrocentros comerciais e aprobar un Plan sectorial de equipamentos comerciais e de promoción do comercio tradicional."

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 11:02:33

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 11:08
Nº Rexistro: 39495
Data envio: 31/10/2018 11:08:32.668

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 11:02:39

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 11:02:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 11:02:42

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 11:02:44

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 11:02:45

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0040482) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40482
Data envio: 19/11/2018 16:05:43.336

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Álvarez**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras (10/PNP-002940, doc. núm. 39495)

Emenda de modificación

Débese substituír o punto 3 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"3. Desenvolver un estudo detallado das dotacións comerciais de gran superficie existentes en Galicia, os niveis de saturación a nivel das áreas urbanas e a posibilidade de establecer unha moratoria na autorización de macrocentros comerciais e aprobar un Plan sectorial de equipamentos comerciais e de promoción do comercio tradicional."

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/11/2018 14:33:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2018 14:34:00

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.8 10/PNP-002961 (0039685)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carlos Gómez Salgado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - César Manuel Fernández Gil
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Isabel Novo Fariña
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero. (Procedemento de urxencia)

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0039685) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:19
Nº Rexistro: 39685
Data envio: 05/11/2018 18:19:57.564

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Maria Ángeles García Míguez, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Marta Novoa Iglesias, César Fernández Gil, Jacobo Moreiras Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira e Raquel Arias Rodríguez** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola proximidade da data do 25 de novembro día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, para que o Parlamento de Galicia se manifeste coincidindo coa cercanía desta data.

Exposición de motivos:

O Pleno do Congreso dous Deputados aprobou por unanimidade, na súa sesión do día 15 de novembro de 2016, unha Proposición non de Lei pola que se instaba ao Goberno a promovela subscrición dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias.

A Proposición non de Lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tivese como obxectivo elaborar un informe co fin de identificar e analizar os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero.

Pola súa banda, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dun relatorio que estudase e avaliase, en materia de Violencia de Xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:19
Nº Rexistro: 39685
Data envio: 05/11/2018 18:19:57.564

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

A sexta Conferencia de Presidentes, reunida o 17 de xaneiro de 2017, adoptou o acordo de convocar a Comisión Xeral das CCAA do Senado para debater as achegas das Comunidades Autónomas ao Pacto de Estado.

En cumprimento deste Acordo, o 9 de marzo de 2017 celebrouse, no seo da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, un debate onde, entre outros organismos, participaron representantes das diferentes Comunidades Autónomas.

O Pleno do Senado, na súa sesión celebrada o día 5 de abril de 2017, aprobou a moción da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas, mediante a cal o Senado se mostrou favorable a alcanzar un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, e formulou unha serie de propostas para que fosen incorporadas ao mencionado Pacto. Estas propostas trasladáronse á Subcomisión do Congreso e ao Relatorio do Senado.

O 13 de setembro de 2017 o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe do Relatorio de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Pola súa banda, o Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou sen ningún voto en contra o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Os dous textos, como indicaba a Proposición Non de Lei, remitíronse ao Goberno para que os sometese a acordo cos representantes de Comunidades Autónomas, concellos, partidos políticos, Administración de Xustiza, organizacións sindicais e empresariais e asociacións civís.

O compromiso económico global destinado a desenvolver este Pacto supón un Incremento de mil millóns de euros durante o próximos cinco anos desagregados da seguinte forma: 100 millóns de euros adicionais destinados ás Entidades locais, 500 millóns de euros adicionais destinados ás Comunidades Autónomas e outros 400 millóns de euros adicionais destinados a competencias estatais contra a Violencia de Xénero dentro dos Orzamentos Xerais do Estado.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:19
Nº Rexistro: 39685
Data envio: 05/11/2018 18:19:57.564

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

No BOE do 4 de agosto de 2018 publicábase a Resolución do 3 de agosto de 2018, da Secretaría de Estado de Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 3 de agosto de 2018, polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2018 do crédito de 100.000.000 euros para o desenvolvemento polas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

No Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero publicado no BOE o 4 de agosto de 2018, na súa Disposición final terceira recóllese a distribución dos fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, asignados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero

Por todo o anterior, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado para solicitarlle:

1.Levar a cabo as reformas lexislativas aprobadas e recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero antes de que finalice o ano.

2.Concretar a forma e o prazo sobre a formalización da distribución dos créditos correspondentes ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero tanto ás CCAA como ás entidades locais.

3.Reactivar os seis Grupos de Traballo creados no seo da Comisión Técnica de Igualdade celebrada o 30 de novembro de 2017 con obxecto de coordinar as accións para desenvolver para a implementación das medidas prioritarias no ano 2018, coordinados pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero".

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:19
Nº Rexistro: 39685
Data envio: 05/11/2018 18:19:57.564

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/11/2018 18:14:57

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/11/2018 18:15:13

Paula Prado Del Río na data 05/11/2018 18:15:20

Alberto Pazos Couñago na data 05/11/2018 18:15:38

Teresa Egerique Mosquera na data 05/11/2018 18:15:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/11/2018 18:16:06

César Manuel Fernández Gil na data 05/11/2018 18:16:13

Marta Rodriguez Arias na data 05/11/2018 18:16:25

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 05/11/2018 18:17:15

Carlos Gómez Salgado na data 05/11/2018 18:17:33

Marta Novoa Iglesias na data 05/11/2018 18:17:49

Jacobo Moreira Ferro na data 05/11/2018 18:18:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:19
Nº Rexistro: 39685
Data envío: 05/11/2018 18:19:57.564

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

María Isabel Novo Fariña na data 05/11/2018 18:18:31

Antonio Mouriño Villar na data 05/11/2018 18:18:42

María Julia Rodriguez Barreira na data 05/11/2018 18:19:03

Raquel Arias Rodríguez na data 05/11/2018 18:19:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0040500) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 17:27
Nº Rexistro: 40500
Data envio: 19/11/2018 17:27:25.737

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160.1 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero (doc. núm. 39685).

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o punto 1, da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

1. Levar a cabo as reformas lexislativas aprobadas e recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero coa máxima celeridade, apelando á vontade dos grupos parlamentarios para favorecer a súa aprobación.

Emenda de adición

No punto 2, da parte resolutiva da iniciativa débense engadir *in fine* as seguintes palabras:

"2. .... para o ano 2019."

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 19/11/2018 17:26:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2018 17:26:30

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0040518) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 40518
Data envio: 19/11/2018 18:28:04.709

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **39685 [10/PNC-002961]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 20 de novembro de 2018.

Emenda de adición

Proponse engadir o seguinte texto:

"4. Incrementar cando menos no dobre as contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento.

5. Ter en conta nos criterios de reparto de recursos económicos para as comunidades os baixos niveis de salarios e pensións medias das mulleres galegas así como elementos como a dispersión e o avellentamento á hora de fornecer os servizos.

6. A inclusión da Xunta de Galiza en todos aqueles organismos de coordinación que arbitre, así como a ter en conta os preexistentes na comunidade de cara a evitar duplicidades.

Así mesmo, O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Remitir nos dous primeiros meses de 2019 unha avaliación elaborada a través do grupo de traballo creado pola Xunta de Galiza no seo da Comisión

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 40518
Data envio: 19/11/2018 18:28:04.709

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Interdepartamental de Igualdade para realizar un seguimento do cumprimento das medidas incluídas no Pacto de Estado, a respecto do grao de cumprimento durante 2018.

2. Remitir, ou incorporar como addenda no vindeiro informe anual que se elabora ao abeiro da Disposición Adicional Cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero información detallada sobre a concreción das actuacións financiadas polo Estado, de forma que se poida avaliar o alcance da aplicación do Pacto Estatal por parte dos ámbitos implicados na prevención e no tratamento da violencia machista."

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2018 17:19:15

Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2018 17:19:21